IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

**ADDENDA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021-2022**

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**INTRODUCIÓN**

Segundo o disposto na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo de Galicia, resulta necesario a realización desta addenda para a programación didáctica do departamento de Economía.

A presente addenda vaise estruturar en dúas partes, referíndose a primeira delas ó caso da ESO. Neste caso trataranse as actividades a realizar entre o período abranguido entre os días 6 e 22 de xuño, que se refiren a 3º avaliación parcial e a avaliación final, respectivamente.

A segunda parte da addenda, referida ó caso do bacharelato, o período que vai entre a avaliación final ordinaria de 2º de Bacharelato (19 de maio) e as probas extraordinarias (20, 21 e 22 de xuño)

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

Actividades a realizar durante o período abranguido entre a avaliación parcial e final:

Tal e como se menciona con anterioridade e segundo dita a Orde do 25 de xaneiro de 2022 que actualiza a normativa de avaliación, o período abranguido entre o día 6 e o 22 de xuño deberá destinarse a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Tendo en conta isto, distinguimos dous escenarios posibles:

1. Alumnado cunha cualificación favorable na avaliación parcial (6 de xuño).

Neste caso, este período vaise dedicar a ampliación e reforzo da materia vista e que aparece recollida na programación da aula. A metodoloxía a empregar será activa e tratando de que

**IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO**
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

o alumnado adquira un papel protagonista nas sesións.

A continuación, menciónanse algunhas das actividades concretas que van a realizarse durante este período.

| |
|---|
| Visualización de películas ou documentais relacionados coa materia. Posterior a visualización na aula, cada alumno, de xeito independente realizará un traballo que busque a relación entre a película vista e a materia desenvolta na aula, axudando a interiorizar e comprender os contidos vistos. |
| Elaboración dun glosario de termos vistos durante o curso. Esta realización non será nun formato tradicional, se non que buscando a motivación e innovación por parte do alumnado, realizarémolo a través da elaboración de xogos propios. Un exemplo será a creación dun *pasapalabra*, ou do xogo que imita o programa de televisión “Boom”. Deste xeito, tratamos de que o alumnado recolla os termos máis empregados e importantes vistos durante o curso, e comprenda o seu significando, a través de técnicas lúdicas e motivadoras, evitando así técnicas meramente memorísticas. |
| Lectura e comentario de textos, gráficas, imaxes e mapas, repasando os tratados ao longo do curso. |

Tanto a realización dos traballos individuais relativos á visualización de películas, así como a realización grupal de xogos económicos, van ter un peso na nota final, o cal aparece recollido no apartado 1.2 desta Addenda.

## 2, Alumnado cunha cualificación desfavorable na avaliación parcial (6 de xuño.)

No caso do alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación parcial, este período vai estar destinado a realización de actividades de reforzo, recuperación e titoría. Neste caso, elaborarase un informe individualizado coas actividades que deberá realizar o alumnado suspenso neste período. Estas actividades serán fundamentalmente

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

*boletíns de exercicios teórico-prácticos* correspondentes a cada tema non superado. Neles recolleranse as cuestións e os exercicios prácticos da materia máis relevante tratada en cada un dos temas.

## 3. Revisión dos criterios de avaliación, cualificación, promoción e instrumentos de avaliación.

En canto a avaliación, introducimos tamén novidades respecto á programación inicial do curso. Tal e como recolle a Orde do 25 de xaneiro deste presente 2022, en cada un dos grupos da ESO van realizarse tres avaliacións parciais e unha avaliación final. Precisamente trátase de esta incorporación unha das novas incluídas na mencionada Orde.

Con respecto á **avaliación parcial**, os instrumentos e criterios de cualificación son os recollidos na programación inicial do presente curso, e que a continuación se sinalan.

Probas escritas: 60% da nota. A nota das probas escritas na avaliación será o resultado de realizar a media aritmética delas.

Traballos e actividades de aula: 40% da nota.

No que a **avaliación final** se refire, inclúense as modificacións que a continuación se relatan, e que se separan en dous escenarios:

No primeiro escenario incluímos ó alumnado con cualificación positiva na terceira avaliación parcial realizada o 6 de xuño. Neste caso, a nota da avaliación final calcularase da seguinte maneira: realizaremos a media aritmética das tres avaliacións parciais, e sobre esta nota poderá engadirse ata un máximo de 2 puntos. Estes dous puntos serán o resultado da entrega das actividades de ampliación anteriormente mencionadas.

No segundo escenario incluímos ó alumnado que obtivo unha cualificación negativa na terceira avaliación parcial. Neste caso, estes alumnos e alumnas deberán realizar unha proba nos días propostos polo centro (20,21 e 22 de xuño) Esta proba terá unha

**IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO**
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

puntuación entre 1-10 puntos, e o resultado obtido terá un peso na nota da avaliación final dun 50%. O outro 50% da nota da avaliación final obterase a partir dos boletíns de exercicios teórico-prácticos que entregarán os alumnos e alumnas durante este período.

Cabe mencionar tamén, que nos días propostos polo centro para a realización das probas (20, 21 e 22 de xuño) vanse realizar tamén exames de recuperación final para o alumnado que non superase algunha das avaliacións parciais anteriores (1º ou 2º )

O alumnado que supere con éxito a proba realizada referida a algunha das avaliacións parciais que non superase obterá a nota da avaliación parcial do mesmo xeito que aqueles que obtiveron nun inicio unha cualificación positiva, é dicir, realizando a media aritmética das tres avaliacións.

**1º BACHARELATO: Historia do mundo contemporáneo**

A orde de avaliación de bacharelato do 25 de xaneiro establece que o curso desenvolverase en dúas avaliacións parciais e a avalición final ordinaria o día 6 de xuño. O período comprendido entre o 6 de xuño e o día 22 levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Os exames extraordinarios para este curso desenvolveranse os días 20, 21 e 22 de xuño, momento no que se tomará a decisión de promoción do alumnado a segundo con un máximo de dúas materias suspensas.

As actividades que se levarán a cabo neste período será a profundización nos seguintes aspectos curriculares:

- Descolonización e terceiro mundo
- A crise do bloque comunista e o mundo capitalista

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

### Instrumentos de avaliación para as avaliacións parciais e a avaliación final ordinaria

- Dúas probas escritas por trimestre teórico-prácticas con un valor dun 90 % da cualificación.
- A realización de traballos, comentarios e avaliación continua da actividade docentes diaria terá un peso dun 10% da cualificación.
- Unha proba de recuperación por trimestre non superado e unha proba final das avaliacións parciais non superadas na proba extraordinaria que se levará a cabo entre os días 20 e 22 de xuño.

### Nota final da materia

A nota final da materia obterase da media das avaliacións parciais, en caso de non ter superada algunha avaliación parcial o alumnado debe examinarse de estes contidos nos exames extraordinarios de xuño.

**2º BACHARELATO: Historia de España**

A orde de avaliación de bacharelato do 25 de xaneiro establece que o curso desenvolverase en tres avaliacións sendo a data final ordinaria de avaliación o 18 de maio.

O período comprendido entre o 18 de maio e o día 22 de xuño levaranse a cabo actividades de preparación para a Abau (7,8 e 9 de xuño) e de recuperación e reforzo co alumnado que teña que recuperar a materia no exame extraordinario de xuño. Estes exames extraordinarios desenvolveranse os días 20, 21 e 22 de xuño.

### Instrumentos de avaliación

**Probas escritas teórico-prácticas**

– **2 probas escritas teórico-prácticas por trimestre co formato estabelecido**

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

**pola CIUG (máximo 9 puntos)**

- **Outras actividades avaliadas (máximo 1 punto): composicións propostas ao alumnado ao longo do curso.** Realización de **traballos** (comentarios de textos, gráficas, mapas)
- **Unha proba de recuperación por trimestre.**
- **Unha proba das avaliacións parciais non superadas en xuño na proba extraordinaria.**

- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

| | |
|---|---|
| **Exames escritos** | 9 puntos máximo |
| – **Recuperacións trimestrais** | 10 puntos máximo (mínimos) |
| **2 Comentarios obrigatorios por trimestre** | 1 punto máximo |
| **Extraordinaria de xuño:**<br>• **Exame escrito das avaliacións suspensas** | 10 puntos máximo |

**2º BACHARELATO Hª Arte.**

Actividades a realizar durante o período abranguido entre a avaliación final (19 de maio) e as probas extraordinarias (20, 21 e 22 de xuño):

1. Alumnado con cualificación positiva na avaliación ordinaria final de maio:

O período ata a realización das probas da ABAU vai destinarse a preparación da mesma.

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

2. Alumnado con cualificación negativa na avaliación ordinaria final:

O período entre esta avaliación ordinaria final e as probas extraordinarias que se realizarán no centro entre os días 20, 21 e 22 de xuño vai dedicarse a realización de actividades de apoio, reforzo e titorización: comentario de obras artísticas.

3. Revisión dos criterios de avaliación, cualificación, promoción e instrumentos de avaliación

A continuación detállanse as novidades respecto os criterios de cualificación, promoción e instrumentos de avaliación froito da aplicación da Orde do 25 de xuño.

Formúlanse, unha vez máis, dous escenarios, distinguindo entre o alumnado que obtivo unha cualificación positiva na avaliación final ordinaria, e o alumnado que obtivo unha cualificación negativa nesta mesma avaliación.

- Non se farán modificacións respecto á programación inicial do curso para o alumnado que obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria final de maio.

- Con respecto ó alumnado que obteña unha cualificación negativa na avaliación ordinaria final de maio, deberán realizar a proba extraordinaria de xuño, que se realizarán no centro entre os días 20,21 e 22 de xuño. Esta proba consistirá na realización dun exame puntuado entre 1-10 puntos, e que incorporará os contidos que o/a alumno/a non superase durante algunha das avaliacións do curso.

**2º BACHARELATO: Xeografía de España**

A orde de avaliación de bacharelato do 25 de xaneiro establece que o curso desenvolverase en tres avaliacións sendo a data final ordinaria de avaliación o 18 de maio.

O período comprendido entre o 18 de maio e o día 22 de xuño levaranse a cabo actividades de preparación para a Abau (7,8 e 9 de xuño) e de recuperación e reforzo co alumnado que

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO
R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

teña que recuperar a materia no exame extraordinario de xuño. Estes exames extraordinarios desenvolveranse os días 20, 21 e 22 de xuño.

## Instrumentos de avaliación

**Probas escritas teórico-prácticas**

- **2 probas escritas teórico-prácticas por trimestre co formato de exame da Abau (máximo 9 puntos)**
- **Outras actividades avaliadas (máximo 1 punto): composicións propostas ao alumnado ao longo do curso.** Realización de **traballos** (prácticos, gráficas ou mapas)
- **Unha proba de recuperación por trimestre.**
- **Unha proba das avaliacións parciais non superadas en xuño na proba extraordinaria cunha cualificación entre 1 e 10 puntos. De non superar esta recuperación das avaliacións non superadas considerarase a materia suspensa no seu conxunto**

## Criterios de cualificación

| | |
|---|---|
| **Exames escritos** | 9 puntos máximo |
| **Recuperacións trimestrais** | 10 puntos máximo |
| **Extraordinaria de xuño: exame escrito das avaliacións suspensas** | 10 puntos máximo |